

## FONDO DE LIBROS E AXUDAS PARA ADQUISICIÓN DE MATERIAL

O 20 maio, publicouse no DOG a Orde do 7 maio pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquisición de libros de texto e material escolar.

### 1- QUEN PODE PARTICIPAR DO FONDO DE LIBROS E COMPRA DE MATERIAL

TODO O ALUMNADO QUE PARA O CURSO 2024/25 TEÑA PENSADO MATRICULARSE NESTE CENTRO, tanto os que xa estades como os que veñen de Primaria ou doutro instituto.

Para iso, teredes que:

- 1º: CUMPRIMENTAR O MODELO DE SOLICITUDE ED330B, que ten dos documentos: ANEXO I e ANEXO II.
- 2º: AXUNTAR A DOCUMENTACIÓN QUE SE VOS PIDE.
- 3º: PRESENTALO, BEN NO CENTRO O BEN TELEMATICAMENTE

### 2.- MODELOS DE SOLICITUDE:

Dende o centro fixemos un MODELO PROPIO que consideramos máis doados de entender e que vos axuntamos con este escrito. Tamén o teredes na nosa páxina web:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iescotobade/>

Pero, si vos parece máis axeitado, podedes usar o MODELO OFICIAL que ven no DOGA, xunto coa Orde de 7 de maio, ou ben sácalo da paxina web:

<https://www.edu.xunta.gal/fondolibros>

O mesmo modelo xa vale para participar no fondo de libros e para a axuda para material.

### 3- PRAZO DE PRESENTACIÓN

**DENDE O 21 DE MAIO ATA O 21 DE XUÑO**

**NON O DEIXEDES PARA ÚLTIMA HORA!**



#### 4- ONDE SE PODE PRESENTAR A SOLICITUDE:

Debedes cumprimentar debidamente a solicitude e asinala.

E, xunto con ela, achegades o resto da documentación que se vos pide.

Podedes presentar a solicitude coa documentación destes xeitos:

- DIRECTAMENTE NO CENTRO. Neste caso, teredes que:

**PEDIR** → Nas oficinas do centro  
**CITA** → A través do teléfono 886 159 784  
**PREVIA**

- POR CORREO ELECTRÓNICO. Neste caso, debedes cubrir o modelo, asinalo e logo escanealo e envíalo xunto coa documentación requirida ao correo:

[secretaria@iescotobade.org](mailto:secretaria@iescotobade.org)

Si a presentades presencialmente ou a través do noso correo, solo cubride unha solicitude por familia, con todos os fillos/as que se matriculen neste centro.

- TELEMATICAMENTE, na aplicación informática: a través deste enlace

<https://www.edu.xunta.gal/fondolibros>

Si optades por cumprimentar a solicitude por vía telemática a plataforma xa vos permite deixala presentada deste xeito. Asignaravos un número de solicitude que debedes gardar para posibles reclamacións o por si non nos chega correctamente.

Si a presentades por vía electrónica, deberedes facer unha solicitude por fillo ou filla.

## 5- DOCUMENTACIÓN QUE HAI QUE APORTAR XUNTO COA SOLICITUDE:

- A) Copia do LIBRO DE FAMILIA. En caso de non ter libro de familia ou este non estea actualizado, deberán achegar algunha da seguinte documentación:
- ✓ Certificado ou volante de convivencia
  - ✓ Informe dos Servizos Sociais do Concello.

En caso de separación ou divorcio: ademais do libro de familia, deberán achegar a SENTENZA OU O CONVENIO REGULADOR onde conste a atribución da custodia do/a menor

- B) Discapacidade: No caso de que a discapacidade veña recoñecida pola Xunta, NON tedes que presentar nada, só no caso de que dita certificación non fora expedida por organismos da Xunta de Galicia (sería o caso do alumnado que veña doutra comunidade autónoma) teriades que presentar dito certificado.
- C) Violencia de xénero: Se é o caso, documentación acreditativa
- D) Resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada, si fora o caso.
- E) Resolución administrativa ou xudicial da situación de acollemento ou do certificado do centro de menores para o alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia, si fora o caso
- F) No caso de que os pais ou os titores non teñan DNI ou NIE, deberán aportar un Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais do concello onde resida a familia.

O resto de documentación (dni, empadramento, declaración da renda e outros datos fiscais, certificados de minusvalía da Xunta, etc, xa se comprobando dende a Xunta, agás que vos neguedes expresamente no modelo que cubrides.

## 6- CAUSAS DE EXCLUSIÓN DE PARTICIPACIÓN NO FONDO DE LIBROS

- ✘ Presentación fóra de prazo da solicitude
- ✘ Deficiencias na solicitude ou na documentación aportada e non corrixida en prazo.
- ✘ Falta de devolución dos libros de texto deste ano ou ben que veñan en mal estado

**Cotobade, 21 de maio de 2024**